

A AGADIC APOIA A PRESENCIA DA MÚSICA GALEGA NAS PRÓXIMAS FEIRAS DO SECTOR EN COPENHAGUE E BOS AIRES

AS ASOCIACIÓNS PROFESIONAIS E AS PRINCIPAIS EMPRESAS ESTARÁN PRESENTES EN WOMEX E BAFIM

A MARCA GALICIA TUNES FARASE VISIBLE POR VEZ PRIMEIRA PARA O MERCADO AMERICANO DESDE ARXENTINA

SUMARIO

- [1-7] AGADIC
 - [6] > Novidades editoriais
 - [7] > Centro Coreográfico Galego
 - [7] > Centro Dramático Galego
- [8] ALERTAS
- [9-10] E_SCENA EN CIFRAS

A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) da Consellería de Cultura e Turismo apoiará a presenza da música galega nas próximas dúas citas máis importantes para o sector que se celebrarán en 2009: o Womex (World Music Expo), que este ano se asentará en Copenhague, Dinamarca, do 28 de outubro ao 1 de novembro e a BAFIM (Buenos Aires Feria Internacional de Música), que terá lugar na capital arxentina do 19 ao 22 de novembro. Para tal fin artéllase unha nova fórmula operativa, que incrementa o papel na organización da asistencia a ambos eventos das dúas asociacións de empresarios musicais de Galicia: Agaphono (Asociación Galega de Produtoras Fonográficas) e AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais).

continúa na páx. seguinte

A AGADIC APOIA A PRESENCIA DA MÚSICA GALEGA NAS PRÓXIMAS FEIRAS DO SECTOR EN COPENHAGUE E BOS AIRES



Carlos Núñez (FOTO: ALEXANDRE MOULARD)

Despois dos tres últimos anos de celebración en Sevilla –onde a música galega obtivo unha exitosa acollida– Copenhague acollerá un novo ciclo do Womex en 2009, 2010 e 2011. Para a edición deste ano do que é considerado como o encontro de difusión de maior relevancia para as músicas de raíz de todo o mundo, a AGADIC patrocinará a presenza dunha delegación galega que estará conformada por unha representación institucional e polos responsables das principais empresas musicais galegas. Así, Nordesía, Abada, Ouvirmos e Falcatruada confirmaron xa a súa viaxe, en tanto outro grupo de empresas farao dentro do prazo de acreditación que remata no mesmo día de comezo do evento.

O novo modelo organizativo permitirá que os propios empresarios protagonistas do sector asuman o nivel de participación neste tipo de encontros

O novo modelo organizativo permitirá que os propios empresarios protagonistas do sector asuman o nivel de participación neste tipo de encontros



Iván Ferreiro

de xeito que, baixo a dirección da AGADIC, sexan eles mesmos os que identifiquen os obxectivos prioritarios en cada momento e axusten as accións e investimentos a eses obxectivos.

A delegación galega aspira a revalidar no mercado europeo a visibilidade da nosa música, a súa forza e vitalidade actuais, continuando así cunha presenza ininterrompida durante a última década e nas distintas cidades onde se desenvolveu o Womex.

Primeira incursión en Iberoamérica

Precisamente, foi na edición do Womex de Sevilla de 2008 onde se recibiu a invitación de Bos Aires para a participación, por vez primeira, da música galega nunha feira iberoamericana: BAFIM 2009. A materialización agora desa presenza supón a toma de contacto directo cun mercado de máis de 700 millóns de persoas no que pesan positivamente os evidentes vínculos culturais e mesmo emocionais.

Aínda que é unha feira de recente creación, BAFIM manifesta un claro crecemento e posibilita á música galega o seu mellor posicionamento ao sumarse como un dos primeiros asistentes.



Xosha Roqué (FOTO: BEATRIZ BASANTA)

Os organizadores estiman que serán máis de 100.000 persoas as que visiten a sede da BAFIM como público non profesional. Outro dos obxectivos estratéxicos será o reforzamento nas relacións con Brasil.

Varias empresas galegas manifestaron xa o seu interese en acudir a BAFIM. La Fábrica de Chocolate, Nordesía e Keltia –entre outras– contan con realizar accións en Bos Aires nas datas da feira. Así mesmo, está previsto que Carlos Núñez ofrezca un concerto no Teatro Colón de Bos Aires o 18 de novembro ou que Iván Ferreiro inicie neses días unha xira dun mes por Arxentina. Estase a valorar a presenza doutros artistas para configurar a mellor das representacións da industria musical galega, como a do grupo Deluxe, liderado por Xosha Roqué.

Todas estas actividades completaranse cun *stand* institucional da AGADIC desde o que se fará visible a marca GalicianTunes, se fomentarán os contactos bilaterais e se distribuirá todo tipo de material promocional sobre a música galega.

+ info en www.womex.com
e www.bafim.buenosaires.gov.ar

ESCENA

JUAN CARLOS FERNÁNDEZ FASERO IMPULSARÁ OS ESTATUTOS DA AGADIC

O músico e produtor Juan Carlos Fernández Fasero (Arnoia, 1969) foi nomeado o pasado 2 de xullo director da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) polo Consello da Xunta de Galicia. O novo director cumpre así a primeira semana de setembro dous meses no posto, tempo no que mantivo unha serie de contactos coas principais asociacións, colectivos e empresas do sector e comezou a perfilar a súa xestión no organismo da Consellería de Cultura e Turismo.

Entre as prioridades do novo director están acelerar a aprobación dos estatutos de desenvolvemento da lei da AGADIC, así como a estrutura funcional da Axencia en aras da optimización de todos os seus recursos cara ás industrias do sector.

Fernández Fasero realizou estudos de Física na Universidade de Santiago e no Conservatorio Profesional de Música de Ourense na especialidade de guitarra. Foi membro fundador dos grupos de música folk Grieh, Aqua-Lae e Mutenrohi e autor de tres discos na súa carreira en solitario. Como compositor e produtor musical traballou para Mutenrohi, Cristina Pato, Eva Carreras e Lume. Nominado en catro ocasións pola Academia de la Música como mellor autor en galego, recibiu tres premios Luar a producións por el realizadas. Foi director da empresa Zouma Producciones S.L. e ocupou os cargos de vicepresidente da Asociación Galega de Empresas Musicais e de secretario da Asociación Galega de Produtoras Fonográficas.



Juan Carlos Fernández Fasero



Lagarta Lagarta



Berrobambán

ESCENA

SELECCIONADOS OS ESPECTÁCULOS PARA A FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS 2009

Un total de 17 espectáculos de teatro (6 deles para público infantil) e 3 de danza conforman o programa artístico da Feira Galega das Artes Escénicas, que, baixo a organización da AGADIC, se desenvolverá en Santiago do 19 ao 23 de outubro.

As compañías e montaxes de teatro adulto que estarán na Feira deste ano son Talía Teatro con *Palabras encadeadas*, Lagarta Lagarta con *O segredo dos Hoffman*, Sarabela Teatro con *A esmorga*, Teatro do Morcego con *Kvetch, unha comedia americana sobre a ansiedade*, Mofa e Befá con *Shakespeare para ignorantes*, Teatro do Atlántico con *O xogo de Yalta. Afterplay*, Teatro do Noroeste con *Glass City (Cidade de cristal)*, Teatro

de Ningures con *Atra Bile*, Iván Marcos con *Eco*, Nut Teatro con *Wake up* e Malasombra Producións con *O día do pai*.

Canto ao teatro infantil, Teatro del Andamio intervirá con *Pingueiras e tarteiras*, Galitoun Productions con *Rosalía, a pulga que escribía*, Os Monicreques de Kukas con *O castelo da Rocha Vella*, Berrobambán Teatro con *Bicharada*, Títeres Trompicallo con *Violeta coletas Contra as Salchichas Gulp!* e O Retrete de Dorian Gray con *Rúa Aire*.

No apartado de danza, Entremáns amorará *Concerto desconcerto*, Quique Peón Cía representará *Ovay* e Javier Martín interpretará *...tabú resOrte (tabú re-vuelta)...*

Acreditados xa máis de 110 programadores

Son xa máis de 110 os programadores e demais axentes culturais que formalizaron a súa acreditación para asistir á presente edición da Feira. Coa súa estadía en Santiago de Compostela, ademais de achegarse durante 5 días de intensa actividade á produción galega que protagonizará a temporada escénica, terán a oportunidade de participar en dúas mesas de debate, visitar os *stands* da zona de mercado e –no caso dos distribuidores de fóra de Galicia– facer efectivas as contratacións dos espectáculos facendo uso do programa de bonificacións que só se mantén vixente para as transaccións pechadas durante os días de celebración do evento.

O prazo de inscrición para estes profesionais remata o 13 de setembro.

+ info en

www.feiradasartescenicas.com

AS REDES DE DISTRIBUCIÓN DE ESPECTÁCULOS DA AGADIC REALIZARÁN 591 FUNCIÓNS

As tres redes de distribución de teatro, danza, maxia e música que promove a Consellería de Cultura e Turismo a través da AGADIC retoman este mes a súa actividade para ofrecer ata finais de ano un total de 591 funcións e concertos, dos que 314 corresponden á Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), 172 á Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV) e 105 á Rede Galega de Salas (RGS).

O programa da Rede Galega de Teatros e Auditorios exhibirá 71 espectáculos a cargo de 63 formacións artísticas, 51 delas galegas. O cartel está configurado por unha ampla variedade de propostas artísticas, con 32 montaxes teatrais dirixidas a público adulto, 17 espectáculos de monicreques e de teatro de actor para público infantil, 11 de danza, 7 de música de cámara e 4 de maxia.

Público infantil

O teatro será tamén protagonista neste segundo período de programación da Rede Galega de Salas, cunha especial atención aos espectadores de máis curta idade. Así, dos 35 espectáculos que poderán verse nos



6 espazos da RGS (ARtería No-roeste, Sala Nasa e Sala Santart en Santiago, Teatro Arte Livre e Teatro Ensalle en Vigo, e Teatro del Andamio na Coruña), 20 corresponden á modalidade de teatro infantil, 11 a teatro para adultos e 4 a danza.

Canto á RGMV, circuío que a AGADIC promove en colaboración coa Asociación de Salas de Música ao Vivo Cluultura, son 70 os grupos de diferentes estilos que van dende o pop e rock ata o blues ou a música electrónica os que configuran este programa, que se desenvolverá en 37 locais de toda Galicia.

+ info en www.culturavai.info e www.musicaovivo.info

DIFUSIÓN EXTERIOR

ONCE GRUPOS GALEGOS ACTUARÁN EN PORTUGAL A TRAVÉS DO CIRCUÍTO "OUTONALIDADES"

Un total de 11 grupos galegos de diferentes estilos musicais actuarán este ano en Portugal nunha nova edición do programa de intercambio entre a Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV) e o circuío luso OuTonalidades, no que tamén se insiren as actuacións de 6 bandas do país veciño en Galicia. A Axencia Galega das Industrias Culturais e a d'Orfeu Associação Cultural colaboran por segundo ano consecutivo na organización desta iniciativa transfronteiriza, que ofrecerá 47 concertos en Galicia e Portugal entre setembro e decembro.

En concreto, os grupos galegos Aló Django, Banda Potemkin, Bukowski Blues Trío, Carmen Dor, Coanhadeira, De Outra



Margem, Lamatumbá, Modulok Trío, Portrait, Som do Galpom e Son+D2 protagonizarán 25 actuacións en Portugal, mentres que os portugueses Comcordas, Olivetree, Samasati, Sofia Ribeiro, Taberna Revisitada e Uxu Kalhus realizarán 22 recitais en Galicia. Confórmase así un amplo cartel que se desenvolverá en 20 localidades galegas e lusas.

A partir do 25 de setembro

O programa portugués percorrerá 11 dos locais que durante o próximo outono acollerán a décima terceira edición de OuTonalidades, circuío musical que promove a asociación d'Orfeu no país veciño. O calendario de actuacións dará comezo o 25 de setembro coa presentación de Som do Galpom na Casa da Juventude de Amarante e continuará até o 19 de decembro, visitando tamén Águeda (Espazo d'Orfeu), Aveiro (Mercado Negro), Chaves (Sala

Multusos), Estarreja (Bar do Cine-Teatro), Évora (Espazo Celeiros), Fundão (Casa da Moagem), Ovar (Café-Concerto do Centro de Arte), Porto (ContagiarTE), Tondela (Bar do Novo Ciclo Acert) e Torres Novas (Café Teatro Virginia).

En Galicia, a programación inaugurarase igualmente o 25 de setembro cun concerto da banda portuguesa Taberna Revisitada na sala Aturuxo de Bueu. O cartel estenderase até o 5 de decembro por 9 espazos da Rede Galega de Música ao Vivo, que a AGADIC promove en colaboración coa asociación Cluultura: ademais do Aturuxo, Jazz Vides da Coruña, Pub D'Antón Rock Café da Laracha, Café-Cultural Roi Xordo de Allariz, Sala Run Rum de Ferrol, o Náutico do Grove, Clavicémbalo de Lugo, Pub Gatos de Melide e Auriense Café Cultural de Ourense.

+ info en www.myspace.com/ouTonalidades e www.dorfeu.pt

UNIDADES DE PRODUCCIÓN

CESAN NOS POSTOS A DIRECTORA DO CENTRO DRAMÁTICO E A COORDINADORA DO CENTRO COREOGRÁFICO

A directora do Centro Dramático Galego (CDG), Cristina Domínguez Dapena, e a coordinadora do Centro Coreográfico Galego (CCG), Natalia Balseiro Rodríguez, cesaron este mes nos seus respectivos postos.

As saídas de Domínguez e Balseiro supoñen, de facto, un adiamento de catro meses en dous cesamentos xa previstos, co que a Consellería de Cultura e Turismo acelera a apertura dun novo ciclo de funcionamento nas unidades de produción dependentes da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Na nova etapa modificaranse as funcións e perfís dos actuais postos de director/a do CDG e coordinador/a do CCG para dar paso por vez primeira á figura do director/a artístico/a vinculada ben por un tempo concreto ou ben por un proxecto ou proxectos determinados. A provisión realizarase por concurso público entre os aspirantes dentro do presente ano 2009.

AUDIOVISUAL

A AGADIC COMPLETA A ADXUDICACIÓN ANUAL DAS AXUDAS AO SECTOR AUDIOVISUAL

A Axencia Galega das Industrias Culturais completou a adxudicación da práctica totalidade do orzamento destinado ás liñas de axuda ao sector audiovisual convocadas en 2009, coa distribución de 6.300.000 euros –dun importe global de 6.900.000– entre un total de 134 proxectos.

A primeiros do pasado mes de agosto fixéronse públicas as primeiras resolucións, correspondentes ás categorías con maior dotación económica, de acordo coas que a AGADIC apoia con 4.850.000 euros a produción e coprodución de 31 longametraxes e documentais en lingua galega ao longo de catro anualidades, e destina outros 400.000 euros á promoción do talento audiovisual galego a través de 48 propostas de creación individual para a escrita de guións e para a realización de longametraxes e curtametraxes en soporte dixital, así como de curtas experimentais.

Á espera de que o vindeiro 15 de outubro finalice o prazo de solicitude para a modalidade de axudas de concesión automática, convocadas por primeira vez este ano, a resolución das subvención da AGADIC ao sector audiovisual galego completouse cunha segunda quenda de adxudicacións: 500.000 euros para o desenvolvemento de 22 proxectos audiovisuais en lingua galega na fase de traballo previa ao proceso de preprodución, 350.000 euros para 19 propostas de desenvolvemento e produción de contidos interactivos en galego, e 200.000 euros para a produción de 14 curtametraxes e videoclipos.

RESOLUCIÓN DAS AXUDAS DA AGADIC AO SECTOR AUDIOVISUAL 2009

Producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido carácter artístico e cultural

MODALIDADE	IMPORTE	Nº DE BENEFICIARIOS
1.A. Longametraxes cinematográficas (animación e ficción)	2.200.000 €	7
1.B. Operas primas ou segunda longametraxe	1.200.000 €	4
1.C. Telefilmes para TV	850.000 €	6
2.A. Documentais de creación	273.514 €	7
2.B. Documentais de difusión cultural	236.482 €	6
3. Longametraxes dixitais de baixo orzamento	90.000 €	1
Total	4.849.996 €	31

Creación individual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego

MODALIDADE	IMPORTE	Nº DE BENEFICIARIOS
A. Escrita de guión	85.000 €	13
B. Curtametraxes en soporte dixital	66.000 €	12
C. Curtametraxes experimentais	167.000 €	19
D. Longametraxes en soporte dixital	82.000 €	4
Total	400.000 €	48

Desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega

MODALIDADE	IMPORTE	Nº DE BENEFICIARIOS
A. Longametraxes de ficción (imaxe real ou animación)	235.664 €	10
B. Longametraxes documentais	65.322 €	3
C. Películas para televisión	108.491 €	4
D. Formatos innovadores para televisión	48.350 €	2
C. Pilotos de series de televisión	42.174 €	3
Total	500.000 €	22

Desenvolvemento e produción de contidos interactivos en lingua galega

MODALIDADE	IMPORTE	Nº DE BENEFICIARIOS
A. Produción	263.182 €	11
B. Desenvolvemento	86.818 €	8
Total	350.000 €	19

Produción de curtametraxes en versión orixinal en galego e videoclipos

MODALIDADE	IMPORTE	Nº DE BENEFICIARIOS
A. Curtametraxes en soporte dixital	27.629 €	2
B. Curtametraxes de animación	125.000 €	5
C. Curtametraxes innovadoras ou experimentais	30.000 €	3
D. Videoclips	17.371 €	4
Total	200.000 €	14

+ info en www.agadic.info

PUBLICACIÓNS

EDITADOS DOUS NOVOS NÚMEROS DAS REVISTAS “PARAÍSO” E “AO VIVO MÚSICA”

As revistas *Paraíso* e *Ao Vivo Música*, as dúas publicacións editadas pola AGADIC para a difusión da actividade das súas redes de distribución de espectáculos, contan con cadanseu novo número, correspondentes a setembro de 2009, nos que se presenta a programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios, Rede Galega de Salas e Rede Galega de Música ao Vivo; así como información sobre os seus protagonistas.

No caso do número 6 de *Paraíso*, a revista que se fai eco da programación escénica, a portada ocúpaa un primeiro plano da veterana actriz Dorotea Bárcena pola súa recente volta aos escenarios. Aparecen así mesmo contidos alusivos á actividade de compañías como Quique Peón, Ancora e O retrete de Dorian Gray. Tamén se reproduce unha ampla reportaxe sobre a danza contemporánea que se fai actualmente en Galicia, así como un percorrido polo novo Pazo da Cultura de Narón.

No caso de *Ao Vivo Música*, na nova entrega –que fai o número 4– repro-



dúcese o calendario de concertos de todos os estilos que promove a Rede Galega de Música ao Vivo, dedícase a portada ao grupo Cornelius e o lanzamento mundial do seu traballo discográfico *1960*. Contén tamén, entre outros temas, un achegamento ao funk, reggae e rap que cultivan Som do Galpóm, unha reportaxe fotográfica nun día con Franc3s ou unha información sobre a sala coruñesa Jazz Vides.

De cada unha das cabeceiras imprímense 9.000 exemplares, que se distribúen de xeito gratuíto nos espazos e salas asociados ás programacións.



PUBLICACIÓN

A AGADIC COEDITA CON GALAXIA UN MANUAL DE ILUMINACIÓN ESCÉNICA

O convenio de colaboración entre a AGADIC e Galaxia posibilitou a saída á rúa do *Manual Básico de Iluminación Escénica*, do que é autor Antonio López-Dávila. A nova publicación pasa a ser o noveno número da serie Breviarios, que se inclúe na colección Biblioteca de Teatro que mantén aberta a editorial viguesa co apoio da AGADIC coa finalidade de dotar dun corpus teórico aos distintos aspectos das ensinanzas técnicas relacionadas coa escena.

O volume, de 140 páxinas, ofrece unha presentación dos aspectos básicos da iluminación teatral. As magnitudes da luz, a visión, os distintos aparatos de iluminación, os tipos de focos, a mesa de luces, os factores controlables da luz, as funcións da luz escénica e as estéticas e estilos de iluminación son algúns dos apartados que se abordan no libro.

Utilizando unha linguaxe especializada, ofrécense tamén indicacións e exemplos de carácter práctico para a realización de traballos en diferentes tipos de espectáculo.

NOVIDADES EDITORIAIS [EDIT]



Manual de práctica teatral feminista

Elaine Aston

Colección Biblioteca de Teatro,
serie Manuais, nº 10
Edita: AGADIC e Editorial Galaxia
ISBN: 978-84-453-4815-4
PVP: 24 euros

Guía para a creación teatral que explora diferentes maneiras de representar ou considerar o xénero, organizada en tres eixes fundamentais e cunha clara orientación práctica: as mulleres no obradoiro, os textos dramáticos e os contextos femininos e o xénero e os procesos de creación.



A expresión dramática na educación. Argumentos para situar a expresión dramática

Gavin Bolton

Colección Biblioteca de Teatro,
serie Manuais, nº 11
Edita: AGADIC e Editorial Galaxia
ISBN: 978-84-453-4830-7
PVP: 24,90 euros

Este libro estuda a relación entre expresión dramática e aprendizaxe nunha perspectiva histórica, desde os inicios do século XX ata principios da década de 1980. Analiza a expresión dramática nas súas dimensións de ferramenta educativa e de experiencia estética, considerando os vínculos entre ambas as dúas.



Teatro occidental: unha historia teatral desde a escenografía

Anna Surges

Colección Biblioteca de Teatro,
serie Manuais, nº 12
Edita: AGADIC e Editorial Galaxia
ISBN: 978-84-453-4829-1
PVP: 25,90 euros

A través da análise de numerosos textos, debuxos, planos, gravados, pinturas e fotografías, este libro ofrece un percorrido polos vestixios que quedan dos tempos en que o arquitecto, o decorador ou o pintor aínda non recibían o nome de "escenógrafo", mais non por iso deixaban de colaborar na invención e reinvencción do espazo escénico.



Manual básico de iluminación escénica

Antonio López-Dávila

Colección Biblioteca de Teatro,
serie Breviarios, nº 9
Edita: AGADIC e Editorial Galaxia
ISBN: 978-84-453-4817-8
PVP: 11 euros

Este volume analiza a técnica da iluminación teatral, prestando atención especial a elementos básicos como as fontes de luz e os procedementos para o seu manexo e control.



Paraíso

Revista da Rede Galega
de Teatros e Auditorios
e da Rede Galega de Salas

AGADIC / Nº 6 / setembro 09
Edición non venal



Ao vivo música

AGADIC / Nº 4 / setembro 09
Edición non venal



**RUT BALBIS, VÍCTOR ZAMBRANA
E CAROLINA FERNÁNDEZ
PRESENTAN OS SEUS
TRABALLOS COMO ARTISTAS
RESIDENTES DO CCG**

Os creadores Rut Balbis, Víctor Zambrana e Carolina Fernández desenvolven este mes de setembro as súas respectivas residencias artísticas no Centro Coreográfico Galego, que nos tres casos culminarán cunha mostra pública do traballo resultante.

Balbis, bailarina e coreógrafa fundadora da compañía Pisando Ovos, conta coa colaboración das bailarinas Janet Novás e Andrea Quintana e do iluminador Afonso Castro no proceso de creación de *Tres*, proposta que investiga sobre a muller como tema, ao tempo que explora os límites do corpo a partir da combinación de diferentes disciplinas como a acrobacia, o movemento minimalista ou a improvisación. O seu espazo de residencia é a nave da AGADIC en Santiago, onde o 10 de setembro compartirán un ensaio cos

asistentes ao curso de verán da UIMP *As artes escénicas na fronteira*, dirixido pola profesora Inmaculada López Silva, e o 1 de outubro protagonizarán un encontro co público e profesionais interesados.

Estadía en Ferrol

O bailarín Víctor Zambrana e a *performer* Carlota Fernández tamén ofrecerán unha mostra dos seus proxectos 3 e *Arquitecturas interiores*, respectivamente, que terá lugar o 30 de setembro como peche da súa estadía no Centro Cultural Torrente Ballester de Ferrol. Neste espazo, Zambrana traballa na idea do corpo como vehículo intuitivo de comunicación e, xunto ao pintor Joaquín Jara e ao músico Ilia Mayer, aborda tres xeitos de representalo: o corpo escénico, o pictórico e o sónico.


Carolina Fernández, pola súa banda, conta coas achegas da realizadora audiovisual Gael Herrera, do poeta Alfonso Pexegueiro e do músico Xavier Alberti para desenvolver un traballo que, a partir de tres videocreacións e dunha instalación, xenera un espazo escénico conceptual no que a bailarina constrúe co seu corpo e coa súa voz un discurso íntimo.

**O CDG CONCLÚE AS SÚAS
RESIDENCIAS ARTÍSTICAS
COA ESTADÍA DE GEORGINA
DOMINGO E JULIEN VITTECOQ
EN CIRCONOVE**

O Centro Dramático Galego entra este mes na recta final do seu programa de residencias artísticas 2009 coa estadía de Georgina Domingo e Julien Vittecoq, fundadores da compañía de circo franco-catalá Cridacompany, nas escolas Cironove de Ames. Ata o vindeiro 8 de outubro, ambos traballarán nestas instalacións da asociación Pistacincoco obxectivo de desenvolver a peza de novo circo que levarán proximamente aos escenarios baixo o título de *Aïe*.

Durante un primeiro período de investigación, Domingo e Vittecoq definirán unha serie de elementos básicos para iniciar a creación, tales como os instrumentos, os obxectos de circo ou a música, para perfilar a continuación a dramaturxia, as coreografías, as acrobacias e as situacións dramáticas. Xa nunha segunda fase, centraranse na escrita do traballo corporal, musical e xestual, previo á posta en escena.

Esta é a sexta e última das residencias apoiadas este ano polo CDG, que ofrece aos artistas seleccionados a oportunidade de contar cun espazo de traballo, así como co apoio artístico e técnico necesario para levar adiante as súas propostas de creación e investigación escénica. As outras sedes do devandito programa foron a nave da AGADIC en Santiago, que acolleu os proxectos *A*



democracia, de Pablo Fidalgo e Estefanía García; *Corpo-puta-vaca-berro*, de Gena Baamonde, Eva Freixeira e Vanesa Sotelo; e *Rewind*, de Borja Fernández e Uxía P. Vaello, e o Museo de Arte Contemporánea (MARCO) de Vigo, onde La Canalla traballou no seu laboratorio *PlayGround_textil'n progress* e Xabier Mariño na instalación multimedia *Identidades*. En todos os casos, os artistas tiveron a oportunidade de intercambiar experiencias con outros profesionais e de ter un primeiro contacto cos espectadores a través de mostras públicas do seu traballo.

**O SALÓN TEATRO ABRE
TEMPORADA CO NOVO
ESPECTÁCULO DE TEATRO
DO NOROESTE**

O Salón Teatro de Santiago inaugurará a súa nova temporada de exhibición con dez funcións do último espectáculo de Teatro do Noroeste, *Glass City (Cidade de cristal)*, que estará en cartel do 7 ao 18 de outubro. O seu autor e direc-

tor, Eduardo Alonso, conta cun elenco de 14 actores, actrices e músicos para poñer en escena este musical de gran formato, ambientado na Coruña de finais dos anos cincuenta.

Tamén en outubro, o espazo que xestiona o Centro Dramático Galego converterase un ano máis en sede da Feira Galega das Artes Escénicas para acoller, entre os días 19 e 22, catro dos espectáculos programados neste encontro ao que asistirán máis dun centenar de profesionais de toda a Península.

Teatre Lliure e Ao Cabo Teatro

A programación de outubro continuará co Teatre Lliure e o seu novo espectáculo *Nixon-Frost*, dirixido de Àlex Rigola, que se presenta en Galicia despois dun primeiro período de exhibición en Barcelona. As funcións desta montaxe, que recrea a famosa entrevista televisiva que levou a Richard Nixon a se desculpar polo caso Watergate, terán lugar os días 24 e 25.

Na fin de semana seguinte (sábado 31 de outubro e domingo 1 de novembro), a compañía portuguesa Ao Cabo Teatro porá en escena *Jardim Zoológico de Cristal*, de Tennessee Williams con dirección de Nuno Cardoso, quen recunha no Salón Teatro tras dirixir para o CDG a primeira produción da pasada temporada, *A boa persoa de Sezuán*. Santiago de Compostela será a primeira parada na xira deste espectáculo, trala súa estrea en Guimarães o 16 de outubro.

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatoria	Contido	Dirixido a	Data límite
Feira Galega das Artes Escénicas 2009. Acreditación de profesionais	Amplíase o prazo para a inscrición de profesionais na Feira Galega das Artes Escénicas, que se celebrará do 19 ao 23 de outubro en Compostela. Máis información no apartado de inscricións da web www.feiradasartesesencinas.com	Programadores, distribuidores, axentes-productores, representantes de compañías.	13 de setembro
Inscrición de proxectos no programa Jeunes Talents Cirque Europe (JTCE)	O JTCE é un programa europeo de apoio artístico para creadores emerxentes no campo das artes circenses. O formulario de solicitude pode descargarse dende a web www.centrodramaticogalego.org e debe entregarse na sede do CDG (Salón Teatro. Rúa Nova, 34. Santiago).	Proxectos de creación de novas obras de artes circenses. As solicitudes poden presentarse en solitario ou con máis persoas; non é preciso contar con personalidade xurídica nin cunha compañía formalmente constituída nin con licenza para espectáculos artísticos. Máis información: www.centrodramaticogalego.org	25 de setembro
Inscrición na Rede Galega de Teatros e Auditorios, Rede Galega de Salas e Rede Galega de Música ao Vivo	A inscrición de espectáculos para o 1º semestre de 2010 da RGTA e RGS, así como de grupos e solistas para a programación 2010 da Rede Galega de Música ao Vivo, realízase a través da web www.galescena.info	Compañías escénicas e formacións musicais de carácter profesional.	30 de setembro
Subvencións da AGADIC ao sector audiovisual 2009 (DOG nº 61 de 30 de marzo de 2009)	Amortización dos custos de produción de longametraxes cinematográficas, telefilmes e documentais de interese cultural galego.	Produtoras audiovisuais independentes.	15 de outubro
Plan de Formación Permanente en Artes Escénicas 2009	A AGADIC e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) promoven a terceira edición deste programa formativo. O prazo de solicitude está aberto para os seguintes cursos: — “Dramaturxia do silencio, dramaturxia para a danza”, con Roberto Fratini (sede da ESAD en Vigo, do 14 ao 18 de setembro). — “Dicción galega”, con Elisa Fernández Rei e Roberto Pascual (Sala Roberto Vidal Bolaño da Universidade de Santiago, do 21 de setembro ao 2 de outubro).	Profesionais das artes escénicas. Máis información: www.esadgalicia.es	Até 15 días antes do inicio de cada curso
IX Premio Madrid Sur para Textos Teatrales	O XIV Festival Internacional Madrid Sur fai pública unha nova convocatoria do seu galardón, dotado con 2.000 euros. O Festival reservárase, ademais, o dereito de presentar a obra premiada na súa próxima convocatoria.	Autores e autoras de calquera nacionalidade que presenten os seus textos –inéditos e axustados ao tempo habitual de representación– en español. As obras enviaranse por triplicado, acompañadas da plica, á Fundación Instituto Internacional de Teatro del Mediterráneo (Ricardo de la Vega, 18. 28028 Madrid). Máis info.: 91 355 58 67 (oficina do Festival).	15 de setembro

Outras convocatorias de interese:

- Consorcio Audiovisual de Galicia: www.consortioaudiovisualdeg Galicia.org
- Deputación da Coruña: <http://www.dicoruna.es/cultura/premios/index.htm>
- Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales (ICAA): <http://www.mcu.es/cine/SC/becasAyudasSubvenciones/index.html>
- Programa Media da Comisión Europea: www.mediadeskspain.eu

REXISTRO DE DATOS MARZO 2009 [E_SCENA EN CIFRAS]

AGADIC

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Producións con distribución pechada *

Noite de Reis
A boa persoa de Sezuán

Producións con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓN	ESPECTADORES/FUNCIÓN	FACTURACIÓN/FUNCIÓN
Santiago	As Dunas	15	131,67	569,40 €

SALÓN TEATRO

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓN	ESPECTADORES/FUNCIÓN	FACTURACIÓN/FUNCIÓN
CDG	Noite de Reis	17	201,06	1.046,71 €
Varuma Teatro	Malgama	2	113,50	686,50 €
O Último Momento	Contigo	2	115,00	639,00 €
Maquinaria Pesada	As vingadoras	2	193,00	302,50 €
Ieto	Ieto	2	120,50	666,00 €
Jeremy Jay	Festival Sinsal	1	190,00	1.383,00 €
CDG	As Dunas	15	131,67	569,40 €

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIÓN	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
O regreso ao deserto (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
Tará Chis Pum (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
A Piragua (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
Vacuo (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
Noite de Reis (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIÓN	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	100	10.866	41,23%	46.249,00 €
Noite de Reis (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
Valdemuller (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
Estigma (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
Kiosco das almas perdidas (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
A boa persoa de Sezuán (CDG)	24	4.091	40,93%	20.003,69 €

TOTAL ACUMULADOS 2009

	FUNCIÓN	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	26	4.692	67,15%	23.765,00 €
Noite de Reis (CDG)	17	3.418	75,30%	17.794,00 €
A boa persoa de Sezuán	12	2.248	46,81%	5.596,90 €
As Dunas	15	1.975	49,31%	8.541,00 €

* Desglose en anteriores números de e_scena

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIÓN	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
Arela das Artes	4	61,25	193,13 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	2	59,00	109,00 €
Berrobambán	6	270,50	454,17 €
Branca Novoneyra	1	66,00	306,00 €
Bstudiodanza	1	158,00	540,00 €
Búho y Maravillas	1	181,00	272,50 €
Caramuxo Teatro	2	71,50	100,00 €
Chrystyan Magic	1	132,00	324,00 €
Cía Daniel Abreu	1	76,00	480,00 €
Cía. Galega de Danza Contem- poránea - Ballet Jesús Quiroga	1	171,00	1.034,00 €
Compañía do Trinke Trinke	3	117,00	210,50 €
Dani García	2	173,50	334,25 €
Elefante Elegante Teatro	6	263,67	475,58 €
Ensemble Vigo 430	1	27,00	81,00 €
Entremans	4	78,00	308,25 €
Espello Cóncavo	5	161,80	608,80 €
Fulano, Mengano e Cítano, S.L.	2	71,50	201,25 €
Galitoo	11	245,91	527,36 €
Ghazafelhos	4	92,50	151,13 €
Grupo de Música Antiga 1500	1	26,00	78,00 €
Grupo de Teatro Lope de Vigo	2	79,00	156,00 €
La Tirita de Teatro	3	58,67	141,67 €
Lagarta Lagarta	9	217,67	696,33 €
Lambriaca Teatro	5	142,80	379,90 €
Mago Rafa	4	129,25	203,25 €
Mago Xacobe Sanz	2	71,00	142,25 €
Malasombra	3	125,67	308,17 €
Maquinaria Pesada	3	73,33	285,33 €
Martín Camiña	2	91,50	202,00 €
Matarile Teatro	3	45,00	186,33 €
Miroscopio Perdicións	6	70,67	174,17 €
Nova Galega de Danza	2	233,50	1.316,00 €
O Mago Teto	2	218,50	1.012,00 €
Os Monicreques de Kukas	11	175,64	370,00 €
Os Quinquilláns	4	388,75	467,25 €
Pisando Ovos	4	116,00	257,00 €
Pistacatro Productora de Soños	9	173,89	545,22 €
Pt Excéntricas	3	173,00	751,17 €
Redrum Teatro	3	126,67	569,50 €
Román García	5	166,40	344,00 €
San&san	6	102,50	275,71 €
Sarabela Teatro	13	221,00	647,85 €
Symbiosis Produccións S.C.	2	95,00	133,75 €
Talia Teatro	15	178,33	436,27 €
Teatro de Ningures	3	105,33	533,83 €
Teatro del Andamio	6	94,00	303,21 €
Teatro do Atlántico	6	134,67	625,50 €
Teatro do Morcego	3	76,00	171,33 €
Teatro do Noroeste	5	105,80	491,00 €
Teatro Ensalle	2	61,50	340,00 €
Teatro Galileo	4	141,75	399,75 €
Teatro Nu	3	100,67	248,67 €
The Pinga Teatro	2	163,00	244,00 €
Titeres Trompicallo	2	219,50	683,00 €
Uroc Teatro	2	120,50	486,50 €
[in]constantes Teatro	1	56,00	145,50 € €

CONCELLOS/ENTIDADES

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNCIÓN	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña - IMCE	19	155,84	672,32 €
A Coruña - Teatro Colón Caixa Galicia	4	252,5	623,00 €
A Estrada	5	35,2	154,80 €
Ames	8	58,25	95,19 €
Arteixo	8	118,13	282,19 €
As Pontes de García Rodríguez	4	135,75	203,75 €
Betanzos	2	65	227,50 €
Boiro	4	103,75	250,38 €
Burela	3	266,67	632,33 €
Cambados	4	201,25	264,00 €
Cangas de Morrazo	5	119,4	340,80 €
Carballo	8	98	265,13 €
Cedeira	5	81,2	146,00 €
Cee	6	122,5	212,42 €
Culleredo	2	44,5	82,00 €
Ferrol	4	64,25	210,00 €
Foz	7	128,57	272,29 €
Lalín	1	60	207,00 €
Lugo	4	104,5	316,25 €
Monforte de Lemos	2	169,5	392,00 €
Muros	6	92	160,83 €
Narón	11	153,91	679,91 €
Noia	3	75,67	176,00 €
O Barco de Valdeorras	4	152	607,50 €
O Carballiño	3	128,33	342,83 €
Oleiros	4	175,5	641,50 €
Ortigueira	2	44,5	121,50 €
Ourense. Teatro Principal	1	181	1.212,00 €
Ourense. Auditorio Municipal	12	258,92	723,17 €
Pontevedra	17	278,82	527,41 €
Redondela	6	246,17	623,17 €
Ribadavia	2	102	256,25 €
Ribadeo	7	167,14	269,14 €
Sada	3	68	228,67 €
San Sadurniño	3	80,33	165,50 €
Santiago de Compostela	9	127,22	225,89 €
Sanxenxo	2	71	243,25 €
Tui	6	300,5	859,83 €
Vigo. Caixanova	5	218	826,40 €
Vilagarcía de Arousa	5	115	307,20 €
Viveiro	3	140,67	420,00 €

TOTAIS RGTA (ATÉ MARZO)	2006	2007	2008	2009
Funcións	156	198	223	219
Público	28.189	25.110	34.206	33.593
Ocupación	46,39%	33,61%	38,13%	36,81%
Facturado	93.572,60 €	78.073,28 €	107.561,49 €	91.299,00 €

REDE GALEGA DE SALAS

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
Arteria Noroeste (Santiago)	9	56,78	189,28 €
Sala Nasa (Santiago)	13	42,62	193,50 €
Sala Santart (Santiago)	14	17,86	61,79 €
Sala The Star (Carrai)	8	42,75	128,25 €
Teatro Arte Livre (Vigo)	8	11,75	87,50 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	24	34,83	129,83 €
Teatro Ensalle (Vigo)	12	16,5	111,04 €

TOTAIS RGS

(ATÉ MARZO)	2007	2008	2009
Funcións	59	39	88
Público	2.208	1.171	2.785
Ocupación	35,19%	52,21%	42,09%
Facturado	11.999,50 €	6.039,00 €	11.259,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
7 Puertas	4	71,50	200,25 €
A Tuna Rastafari	2	82,50	207,50 €
Adrián Costa & Marcos Coll	4	77,25	355,25 €
Aguardiente Swing Quartet	1	61,00	250,00 €
Aid	3	57,00	168,00 €
Aló Django	4	64,25	251,75 €
Álvaro Muras	4	33,75	87,50 €
Ánger	1	20,00	40,00 €
Aphonníc	3	52,00	222,00 €
Ataque Escampe	1	27,00	54,00 €
Baldosa Amarilla	4	81,00	184,25 €
Banda Potemkin	2	74,00	224,00 €
Batusi	3	21,00	65,67 €
Brothers In Band- Tributo [...]	4	37,75	129,75 €
Bruno T. Ford	7	37,29	114,43 €
Bukowski Blues Trío?	2	50,00	176,00 €
Carlos Childe Troupe	1	30,00	100,00 €
Chamito el Flako	2	67,00	148,50 €
Con Cierito Swing	1	30,00	135,00 €
Cooltrain Band	3	30,33	101,33 €
Cornelius	7	76,71	250,71 €
Coyote Express	1	66,00	180,00 €
Creole Kings	4	38,75	124,50 €
Dandy Fever	1	70,00	116,00 €
Debuxos Reanimados	1	68,00	340,00 €
Deva	2	66,00	152,00 €
Ectoplasma	2	34,50	118,50 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	4	57,00	250,25 €
El Puchero del Hortelano	4	80,25	422,00 €
Elodio y Los Seres Queridos	1	22,00	110,00 €
Fabulosos Cubatas [...]	2	75,00	202,50 €
Felix Arias	2	26,50	54,50 €
Franc3s	3	21,00	67,67 €
Graham Foster Trío	3	66,00	352,33 €
Guezos	1	25,00	45,00 €
Guru Deva	4	66,00	165,25 €

Harry Navisson Band	3	26,33	65,00 €
Héctor Lorenzo	3	24,00	47,00 €
Holywater	4	119,75	503,75 €
Javier Constenla “improvia”	1	47,00	126,00 €
Javier Pereiro Quartet	1	34,00	90,00 €
José Luis Pardo & The Mojo [...]	4	46,25	201,50 €
La Pegatina	1	90,00	270,00 €
Little Albert Boogie Band	3	37,00	121,33 €
Los Eternos	2	55,50	201,50 €
Los Marcianos	4	34,25	92,50 €
Los Mecánicos	4	50,75	105,00 €
Lucía Martínez Cuarteto	1	50,00	276,00 €
M3 - Monkeymeetsmusic	2	55,00	195,00 €
Magín Blanco & Burgas Beat	3	51,33	81,67 €
Meu	4	90,00	393,00 €
Michel Gonzalez Band	2	41,50	92,50 €
Miki Nervio & The Bluesmakers	3	52,00	133,00 €
Misquious	3	41,67	100,00 €
Moon Cresta	5	43,00	143,00 €
Moondogs Blues Party	2	74,00	257,50 €
Mr. Whiz	2	40,00	178,00 €
Niño y Pistola	3	65,67	215,33 €
O Sonoro Maxín	3	73,67	274,33 €
Os Trasnos de Moscoso	1	63,00	18,00 €
Overlook	1	21,00	63,00 €
Pablo Bicho Quinteto	3	43,67	170,00 €
Pablo Seoane Quartet	2	18,50	87,50 €
Phantom Club	1	127,00	485,00 €
Por Placer	3	99,67	290,67 €
Preachers Of Rock And Roll	2	23,50	47,50 €
Rockers Go To Hell	2	56,50	157,50 €
Ruso Negro Dúo	3	46,67	130,33 €
Samesugas	3	36,33	146,00 €
Samuel Leví	2	20,00	42,00 €
Sevigny	2	33,00	129,50 €
Snatch	2	59,00	92,50 €
Sojazz	1	40,00	120,00 €
Sugar Mountain	1	43,00	152,00 €
Swing Session Quintet	1	25,00	75,00 €
Swingpool	4	21,75	56,50 €
Tangazz Trío	2	26,50	100,00 €
The 38beats	2	29,50	63,50 €
The Blows	5	85,60	301,60 €
The Fishfuckers	3	52,00	157,00 €
The Homens	2	45,00	135,00 €
The Sweat	1	40,00	80,00 €
Transilvanians	4	57,50	204,75 €
Tumbling Dice	2	35,00	70,00 €
Victor Aneiros	2	26,50	97,50 €
Woden	2	56,50	147,00 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Fundación (Melide)	5	73	147,80 €
Ache (Marín)	2	58,5	468,00 €
Aturuxo (Bueu)	2	85,5	390,00 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	6	51,17	147,50 €
Babel (Lugo)	3	37,67	112,00 €
Badulake (Ordes)	4	38	114,00 €
Bar Liceum (O Porriño)	4	93,25	289,50 €
Bar Patos (Nigrán)	2	37,5	112,50 €

Baranda (O Barco de Valdeorras)	5	82,6	247,80 €
Borriquita de Belém (Santiago)	3	42	98,67 €
Café Concerto Antano (Outes)	3	41,33	96,67 €
Café-Cultural Roi Xordo (Allariz)	2	85	262,00 €
Casa das Crechas (Santiago)	4	58,25	154,00 €
Catro Camiños (A Rúa)	4	45,75	11,50 €
Clandestino (Nigrán)	5	28,2	66,80 €
Clavicémbalo (Lugo)	10	54,7	220,00 €
Contrabajo (Vigo)	11	39,82	182,18 €
El Ensanche (Vigo)	6	48,67	146,00 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	2	76,5	192,00 €
Forum Celticum (Culleredo)	6	105	270,00 €
Garufa (A Coruña)	12	47	167,42 €
Jazz Vides (A Coruña)	12	33,08	119,17 €
La Casa de Arriba (Vigo)	10	24,8	122,80 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	7	52,86	199,43 €
La Galeríajazz (Vigo)	3	18	90,00 €
La Iguana Club (Vigo)	7	95	382,71 €
Marrucho (Baiona)	5	27,6	59,60 €
Náutico (O Grove)	1	31	93,00 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	3	44	88,00 €
Planeta (Sarria)	4	73	224,00 €
Pub o Muíño (Cervo)	4	53,75	122,00 €
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	8	46,13	123,75 €
Pub Gatos (Melide)	6	47	123,33 €
Pub Leblón (Pontecaldelas)	6	42,17	52,00 €
Sala 600 (Melide)	6	44,83	171,00 €
Sala Karma (Pontevedra)	7	77,29	389,43 €
Sala Run Rum (Ferrol)	9	63	258,89 €
Salason (Cangas de Morrazo)	6	42,5	138,67 €
Salón Parroquial (Ponteareas)	6	75,5	210,33 €
Vagalume Café-concerto (Salvaterra de Miño)	3	56,67	150,00 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	6	32,83	105,50 €

TOTAIS RGMV

(ATÉ MARZO)	2007	2008	2009
CONCERTOS	228	209	220
PÚBLICO	11.404	10.895	11.585
OCUPACIÓN	24,07%	39,11%	42,09%
FACTURADO	27.451,50 €	32.642,50 €	38.296,00 €

CIFRAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



XACOBEO 2010
Galicia

AGADIC. Rúa da Vesada s/n San Lázaro.
15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28 Fax: 981 577 127
agadic@xunta.es / www.agadic.info